



CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL

08 MAI 2017

Entrada nº: 1988

Saída nº:

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN sobre o recoñecemento do escritor Anxo Rei Ballesteros**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mes de maio é o mes das Letras Galegas. Neste concello contamos coa figura senlleira de Anxo Rei Ballesteros, veciño durante máis de 20 anos da Pobra do Caramiñal. Finado o 29 de outubro de 2008, aínda non transcorreran os 10 anos preceptivos para poder ser obxecto de homenaxe no noso Día das Letras. O escritor nacido en Boqueixón é recoñecido como un referente da literatura galega grazas, entre outras cousas, a ter iniciado o camiño da narrativa galega contemporánea coa publicación no ano 1977 de *Dos anxos e dos mortos*, novela que marcou toda unha xeración de escritores. A pesar de contar cunha produción literaria moi limitada (apenas unha decena de obras), cultivou a narrativa, o teatro e o ensaio, con obras de gran transcendencia, como mostran os distintos galardóns obtidos, desde o Pedrón de Ouro, ou o premio Losada Diéguez ata o Ramón Piñeiro de ensaio.

Xa no pleno de xullo de 2009, o BNG presentara unha moción para que houbo un recoñecemento institucional ao escritor Anxo Rei Ballesteros, sen obter resultado ningún. Desde aquela, o Bloque Nacionalista Galego vén presentando distintas iniciativas para lograr o recoñecemento e a divulgación da obra deste escritor, tanto a nivel institucional como en actos públicos.

Agora que a corporación do concello da Pobra vén de asinar un compromiso de defensa do noso idioma, o BNG-AA trae ao pleno a proposta de incluír nas actividades a realizar polo Día das Letras Galegas outras que poñan en valor figuras senlleiras relacionadas co noso concello, comezando por Anxo Rei Ballesteros.

Por todo o exposto, e retomando os acordos que se propuxeran á corporación naquel pleno de xullo de 2009, o Grupo Municipal do BNG-AA propón á Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. O Goberno Municipal homenaxeará ao escritor Anxo Rei Ballesteros poñendo o seu nome a unha rúa do Concello.

A Pobra do Caramiñal, 08 de maio de 2017

Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,
Concelleiro do G. M. do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL